

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UCP15I0060 | UCP/2020/137 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  3W67 0G1O 5D1H 4S1A 0LXJ | |

MMM

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 11/11/2020 mediante resolución da Concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica número 1563/2020 aprobouse o expediente de contratación do servizo denominado “escolas culturais e deportivas 2020-2021”, aprobouse o correspondente gasto

| Lote | Aplicación | Orzamento 2020 | RC | Orzamento 2021 | RC |
|---------------------|------------|----------------|--------------|----------------|--------------|
| 1. Actv culturais | 3341-22609 | 23.469,88 € | 220200008390 | 59.978,59 € | 220209000004 |
| 2. Actv. deportivas | 341-22609 | 23.202,09 € | 220200008391 | 59.294,24 € | 220209000005 |

e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación coa publicación no perfil de contratante da licitación.

Segundo.- O 12/11/2020 publicouse no perfil de contratante deste concello, aloxado na plataforma de contratación do sector público, o anuncio da licitación, abrindo con elo o prazo de presentación de ofertas.

Terceiro.- Durante o prazo establecido ao efecto presentaron oferta os seguintes licitadores: Move proyectos e inversiones SL, Campa formación e intervención socioeducativa SL, Serviplus total SL, A Billarda SL, Esproade SL e Axiña servicios deportivos SL.

Cuarto.- En sesión da Mesa de contratación celebrada o 03/12/2020 procedeu-se á apertura da documentación administrativa, á admisión dos licitadores ao procedemento de licitación e á apertura das ofertas técnicas. En sesión celebrada o 26/01/2021 procedeu-se á valoración dos criterios non avaliados automaticamente e á apertura das ofertas económicas e demais criterios avaliados de xeito automático.

Non consta que o órgano de contratación teña adxudicado o contrato e, en consecuencia, que o mesmo se teña formalizado.

Quinto.- O 11/02/2021 os xefes de servizo de cultura e educación e de deportes e participación cidadá emitiron informe conxunto (documento con código UCU15I002J) no que tendo en conta o contexto sanitario e a normativa de aplicación conclúen que hai razóns de interés público que “aconsellan que non se leven a cabo as actividades das escolas culturais e deportivas que deron lugar á licitación do correspondente contrato de servizos (expediente UCP/2020/137), polo que se solicita ao órgano de contratación que, ao abeiro do disposto polo artigo 152 da lei de contratos, adopte as decisións necesarias para non adxudicar ou non celebrar o contrato para o desenvolvemento das devanditas actividades para o que se ten efectuado a correspondente convocatoria”.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- O artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), establece que o órgano de contratación, por razóns de interés público debidamente xustificadas no expediente, poderá acordar a decisión de non adxudicar ou celebrar un contrato antes da súa formalización. No caso de que

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UCP15I0060 | UCP/2020/137 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 3W67 0G1O 5D1H 4S1A 0LXJ | |

haxa unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, o órgano de contratación poderá desistir do procedemento de adxudicación.

Consta no expediente informe dos servizos promotores do contrato no que se pon de manifesto que por razóns de interés público, centrado na protección da saúde pública, ante a situación epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia como autoridade competente na materia, non se deben realizar as actividades das escolas culturais e deportivas previstas e, en consecuencia, propoñen ao órgano de contratación que non se adxudique o contrato licitado ao efecto.

Consta no expediente que o contrato aínda non foi adxudicado e, en consecuencia, o mesmo non foi formalizado cumpríndose así a condición temporal imposta polo mencionado artigo da Lei de contratos.

En consecuencia, cúmprense as condicións establecidas para que o órgano de contratación poida acordar non adxudicar ou non celebrar o contrato: o contrato non se ten formalizado e as razóns de interés público que o motivan están debidamente xustificadas no expediente.

Segunda.- O apartado primeiro do devandito artigo 152 LCSP establece que no caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non adxudicar ou celebrar un contrato para o que tivera efectuado a correspondente convocatoria, ha de notificalo aos licitadores.

Terceira.- O apartado segundo do artigo 152 LCSP establece que no caso de que o órgano de contratación acordase a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, compensarase aos licitadores polos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de condicións ou, no seu defecto, de acordo cos criterios de valoración empregados para o cálculo da responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

No prego de condicións administrativas que rexe o presente procedemento de licitación non se determina a forma de compensar aos licitadores neste caso, polo que esta compensación haberá de facerse a través dos trámites do procedemento administrativo común.

En base a todo o cal

RESOLVO:

Primeiro.- De acordo co disposto polo artigo 152 LCSP, ante a concorrencia das razóns de interés público para a preservación da saúde pública, non adxudicar o contrato para a prestación do servizo denominado “escolas culturais e deportivas 2020-2021”.

Segundo.- Notificar este acordo aos licitadores e poñer no seu coñecemento que poden solicitar unha compensación polos gastos nos que tivesen incorrido de acordo cos criterios de valoración empregados para o cálculo da responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UCP15I0060 | UCP/2020/137 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  3W67 0G1O 5D1H 4S1A 0LXJ | |

administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, a data de sinatura electrónica

A proposta de

O xefe de servizo de economía e facenda
(asinado dixitalmente)

Intervido e conforme

A interventora xeral
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

Conforme coa proposta, elévase a resolución

A concelleira delegada de facenda, patrimonio
e administración electrónica
(asinado dixitalmente)

Dou fe

A secretaria xeral
(asinado dixitalmente)